

COMENTARIOS E BREVE CURRICULUM ,SOBRE A OBRA DE NOLO SUÁREZ

DUNHA ENTREVISTA EN RADIO COMPOSTELA :

Intento facer unha pintura de contrastes, onde memoria, elementos vitais(terra, auga, luz-lume, ar), referentes reais, atópanse co xestual, con innovacións, co imaxinario, co simbólico. Un expresionismo-abstracción-simbólica-referencial. Para deixar fluír as emocións, os sentimentos, as reflexións e o compromiso co que me rodea e coa sociedade na que vivimos.

Preocupación pola relación natureza-humanidade, polos ciclos e cambios que se producen nesta relación, onde aparecen tamén os sentimentos, o poético, por iso a pintura vaise cargando de trazos, cos mínimos referentes a realidade, e logo capas de pintura, na procura dunha certa coherencia, na procura do esencial. Combinando a estética (técnicas, composicións, cores) coa ética (ideas, pensamentos, reflexións).

Considero a pintura como elemento de comunicación, expresión e reflexión, nunha síntese de coñecementos, da utilización de diversos materiais, da busquedas de novas expresividades, con elementos simbólicos, do xeral e do concreto, para tentar de abrir novas visións, novos espazos, a conciencia e a transformación da actual realidade por outra mellor.

SOBRE A MIÑA PINTURA OPINAN ALGÚNS CRÍTICOS :

"Luz, auga, ar e terra son os catro elementos, os catro alicerces que sosteñen esta sólida construción pictórica de Nolo Suárez, envolvida polo aroma que deixa o paso do tempo.

Reflexións sobre a natureza e a nosa relación con ela é o que fai o pintor, que, logo, ó final, se converten nunha reflexión sobre a pintura e o seu papel nestes tempos". Manuel Vilar.

"Nolo Suárez rexuenece o concepto dos antigos gregos sobre a natureza, unha natureza sometida, nos albores do século XXI, ao acose e derribo do home moderno. O aire, a auga, a terra e ultimamente a luz-lume, son motivos que interpretan a inquietude do pintor e formalizan un grito de denuncia cristalizado por unha gama cromática ampla e un xogo de luces e sombras, que difuminan ambientes e matizan reflexos". Mercedes Rozas.

"A pintura de Nolo Suárez mantén a súa capacidade de mostrar o mais permanente, o mais auténtico dunha cultura que resiste nas imaxes concretas da vida, pero tamén na representación do misterio do intanxible". Olegario Sotelo Blanco.

BREVE CURRICULUM DE NOLO SUÁREZ

Natural de Compostela, realiza estudos na Escola de Artes e Oficios. Logo fai tamén cursos de Debuxo , Pintura e Gravado. Ten participado en Talleres diversos, como os da Solaina de Piloño, do CGAC en Santiago, do CIEC de Betanzos, de Unión Fenosa na Coruña, participa en diversos Foros de Arte e Cultura organizados polo Consello da Cultura Galega. Participa en diversos colectivos de Arte e Cultura como : Anduriña, Ferradura, ANAKOS, EXPRESIÓNS. Dende os anos 80 expón tanto individual como colectivamente, en distintos espazos expositivos.

Así destacan as mostras :

En Salas-Pubs: Modus Vivendi, Paraíso Perdido, Casa das Crechas, O Curruncho, O Patacón, O Rúa Nova.

Nas Salas de Exposicións: Caixa Postal, Ateneo de Ourense, Circulo Mercantil de Santiago e Vigo; Casas de Cultura de Noia, Malpica, Cee, Vilagarcía, Oleiros, Fisterra, Corcubión, Cee, Centro Galego de Valencia, Casa de Galicia en Madrid, Centro Galego de Lisboa, Auditorio de Galicia, Sala A.C. "O GALO", Sala Rivas Briones, Sala "Pedro Mirás", A.C. Alexandre Bóveda da Coruña.

Nos Museos: Museo do Pobo Galego, Museo Ramón Aller, Fundación Sotelo Blanco, Sala dos Amigos dos Museos de Coruña, Museo dos Muíños de Culleredo, Centro Galego da Arte Contemporáneo , Museo de A.C. Unión Fenosa.

Nas Galerías : Arracada, Trinta, Sargadelos de Santiago e Ferrol, Minotauro, Dársena, Obelisco, Abel Lepina, "Eme-C", Atlántica, Citania, Espacio 48, Art-Sil, Galeria do Papel de Coruña, Galería Sol&Bartolomé, Auriol Arte. Galería Borrón Cambados, Galería Garabato de Carballo.

Foi seleccionado en diversos Certames como: Novos Valores Bienal de Pontevedra do 84, Pintores da Provincia da Coruña 85, Certame de Cambre 91, 11 Mostra de Unión Fenosa, Balconadas de Betanzos, Premio de Pintura Rápida de Outono-99, Artistas Composteláns no 2000, Pintores Composteláns no 2001. Seleccionado pola Consellería de Cultura, para expoñer de forma itinerante en Lugo e Coruña a mostra individual "Confluentes". Participa na exposición organizada polo Concello de Santiago, MEMORIA-Pinturas. Na exposición colectiva XUSTAPOSICIÓNS, no Concello de Vilagarcía de Arousa. Na mostra colectiva "ITINERE STELLAE", itinerante por distintas cidades de Portugal e Galiza.

Ten participado en mostras internacionais como son, NADIR : Camiño de Compostela; nas distintas edicións do GOIS-ARTE é OROSO-ARTE; Mostra Internacional de San Joao da Madeira(Portugal); Mostra Artística de Figueira da Foz(Portugal). Homenaxe a Victor Jara, en Chile.

